

Disposición transitoria única. *Validez dos contratos tipo homologados.*

Os contratos que fosen homologados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, seguirán regulándose polo disposto na Lei 19/1982, do 26 de maio, sobre contratación de produtos agrarios, e normativa concordante ata esgota-lo prazo para o que foron homologados.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Derróganse a Lei 19/1982, do 26 de maio, sobre contratación de produtos agrarios; o Real decreto 2707/1983, do 7 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 19/1982; o Real decreto 2556/1985, do 27 de decembro, polo que se regulan os contratos de compravenda de produtos agrarios recollidos na Lei 19/1982, así como tódalas demais normas que as desenvolven.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

414 *LEI 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais. («BOE» 8, do 10-1-2000, e «BOE» 33, do 8-2-2000.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1

A existencia dun sistema de protección do dereito dos obtentores de variedades vexetais ten un impacto positivo na economía nacional en xeral e no sector agrícola en particular, que se concreta no estímulo da investigación e o consecuente incremento dos recursos privados destinados a esta actividade, o que facilitará o acceso dos agricultores ás novas tecnoloxías, mellorará a produtividade das explotacións e, en definitiva, provocará un aumento da concorrencia dos nosos produtos e da renda dos agricultores.

Ata agora, o sistema de protección dos obtentores atopábase recollido no Convenio Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais do 2 de decembro de 1961, aprobado no seo da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV), subscrito

e ratificado polo Reino de España, e na Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección de obtencións vexetais inspirada en gran medida naquel.

2

As razóns que xustifican a aprobación dun novo marco xurídico nacional de protección dos obtentores obedece a dúas razóns fundamentais:

En primeiro lugar, resulta necesario adapta-la normativa nacional a un marco xurídico internacional cambiante. Por unha banda, o Convenio internacional da UPOV foi revisado en sucesivas ocasións; as reformas introducidas polos convenios do 10 de novembro de 1972 e o 23 de outubro de 1978 foron incorporadas ó ordenamento xurídico nacional, sen embargo, o Convenio do 19 de marzo de 1991 introduciu novidades que resulta preciso recoller na lexislación nacional.

Por outra banda, a Unión Europea dotouse dun sistema de protección propio mediante o Regulamento (CE) 2100/94, do Consello, do 27 de xullo, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais. Non obstante, o artigo 3 deste regulamento (CE) recoñece o dereito dos estados membros da Unión Europea a «conceder dereitos de propiedade nacionais sobre as variedades vexetais», aínda que prohíbe expresamente a dobre titularidade de dereitos, nacionais e comunitarios. O Estado español opta polo establecemento dun sistema de protección propio, aínda que harmonizado coa normativa comunitaria; neste sentido, debe terse en conta que o dereito comunitario remite á lexislación nacional tódalas cuestións que poden suscitarse con motivo das accións xudiciais por infraccións a tal dereito.

En segundo lugar, os recentes avances en materia de biotecnoloxía e a enxeñería xenética, que aceleraron os procesos de obtención de variedades e a experiencia adquirida nos últimos vinte anos, fan necesario e, por suposto conveniente, proceder a modifica-la lexislación vixente para poñela en liña con tódolos países industrializados, no só da Unión Europea senón doutros continentes.

3

Esta lei ten como obxectivos fundamentais, á parte da adaptación á normativa internacional, reforza-la protección dos obtentores e mellora-lo funcionamento da Administración pública no exercicio das funcións relativas á materia regulada por esta lei.

O reforzamento dos dereitos dos obtentores lograse mediante unha regulación máis precisa e tecnicamente perfecta das facultades que lles confire o título de obtención vexetal, así como a ampliación da duración da protección para tódalas especies vexetais, o que incentivará a investigación neste campo. Concretamente, as principais novidades desta lei son as seguintes:

En primeiro lugar, define con maior precisión as facultades dos obtentores relativas á explotación das súas variedades protexidas, determinando con claridade as actuacións de terceiros relacionadas coa súa variedade que requiren a súa autorización e reforzando as accións para perseguir aqueles que prescindan dela.

En segundo lugar, define con claridade a denominada «excepción do agricultor», que se refire a aqueles supostos nos que os agricultores poderán utiliza-lo material vexetal producido nas súas propias leiras para o seu uso nelas, sen necesidade de autorización do obtentor da variedade utilizada ou de realizar contribución económica a el.

Ademais da excepción do agricultor, clarifícanse algunhas excepcións ó dereito do obtentor que antes

estaban pouco definidas. A máis importante quizais é a do posible uso das variedades protexidas como material para a creación de novas variedades, evitando así calquera tipo de limitación á investigación neste campo. O concepto de variedade esencialmente derivada xoga sen dúbida un papel importante no que se refire á delimitación do dereito dos obtentores e resolverá situacións que no pasado presentaron problemas de atribución da propiedade de variedades.

En terceiro lugar, auméntase a duración da protección para tódalas especies vexetais, o que constitúe un maior estímulo de cara á investigación na obtención de novas variedades e un aliñamento co regulado noutros países para os ditos períodos.

En cuarto lugar, introdúcese na nosa lexislación a posibilidade de poder comercializar en España as variedades vexetais antes de solicita-la protección, circunstancia que lles permite ós obtentores coñecer, por unha banda, os resultados prácticos e o valor productivo da dita variedade antes de acometer uns gastos que, no caso de variedades de resultados mediocres, non resultarían compensados, e por outro, a resposta dos agricultores ante a oferta das novas variedades antes de se someteren ó sistema de protección.

A mellora do funcionamento dos órganos que interveñen no exercicio destas funcións trátase de lograr describindo con maior simplicidade e precisión as súas funcións e os procedementos a que debe suxeitarse a súa actuación. En xeral, a lei mellora o funcionamento dos órganos colexiados que interveñen, ó darlles un contido moito máis técnico, xurídico e científico, có que tiñan ata agora cun elevado índice de participación representativa de axentes económicos.

4

Desde outro punto de vista, esta lei permite unha maior colaboración internacional, no só con outros estados membros da Unión Europea, senón con terceiros países, ó flexibiliza-los sistemas de establecemento da cooperación neste campo.

Ademais, debe sinalarse que se aproveita esta lei para incorporar ó ordenamento xurídico interno o artigo 12 da Directiva 98/44/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á protección xurídica das invencións biotecnolóxicas, no referente á concesión de licencias obrigatorias por dependencia.

Finalmente, no caso de variedades que conteñan ou estean constituídas por organismos modificados xeneticamente, aplicarase a Lei 15/1994, do 3 de xuño, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados co fin de previr-los riscos para a saúde humana e para o ambiente, no que se refire á realización do exame técnico.

Esta lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.9.^a da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial e do artigo 149.1.1.^a que lle reserva ó Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto establece-lo réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

2. Para o recoñecemento e protección do dereito de obtentor dunha variedade vexetal nova concederase un título de obtención vexetal.

Artigo 2. *Definición de variedade.*

1. Enténdese por variedade, para os efectos desta lei: un conxunto de plantas dun só taxón botánico do rango máis baixo coñecido que, con independencia de se responde ou non plenamente ás condicións para a concesión dun dereito de obtentor, poida:

a) Definirse pola expresión dos caracteres resultantes dun certo xenotipo ou dunha certa combinación de xenotipos.

b) Distinguirse de calquera outro conxunto de plantas pola expresión, como mínimo, dun dos ditos caracteres.

c) Considerarse como unha unidade, tendo en conta a súa aptitude a propagarse sen alteración.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por conxunto de plantas o formado por plantas enteiras ou partes de plantas, sempre que as ditas partes poidan xerar plantas enteiras.

Artigo 3. *Definición de obtentor.*

1. Enténdese por obtentor, para os efectos do disposto nesta lei, a persoa que crease ou descubriese e desenvolvese unha variedade, ou os seus habentes-*causa*.

2. Entenderase por dereito de obtentor, o conxunto de dereitos que ó seu titular lle confire o título de obtención vexetal dunha variedade, de acordo co disposto nesta lei.

Artigo 4. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei será de aplicación a tódolos xéneros e especies vexetais, incluídos os híbridos de xéneros ou de especies.

TÍTULO I

Dereito material

CAPÍTULO I

Requisitos da variedade vexetal

Artigo 5. *Condicións da variedade.*

1. Concederase o título de obtención vexetal cando a variedade sexa:

- 1) Nova.
- 2) Distinta.
- 3) Homoxénea.
- 4) Estable.

2. A concesión do título de obtención vexetal non poderá depender de condicións suplementarias ou diferentes das antes mencionadas, coa excepción de que a variedade sexa designada por unha denominación conforme o disposto nos artigos 47, 48 e 49, que o obtentor cumprise as formalidades previstas por esta lei e disposicións complementarias e que pagase as taxas debidas.

Artigo 6. *Novidade.*

1. A variedade será considerada nova se, na data de presentación da solicitude do título de obtención vexetal,

tal, o material de reprodución ou de multiplicación vexetativa ou un produto de colleita da variedade non lles foi vendido ou entregado a terceiros polo obtentor ou co seu consentimento para a explotación da variedade ou, sendo vendido, non transcorreron os seguintes prazos:

- a) Un ano, se a venda ou entrega se realizou en España.
- b) Catro anos, se a venda ou entrega se realizou fóra de España e o seu obxecto non foron árbores ou vides.
- c) Seis anos, se a venda ou entrega se realizou fóra de España e o seu obxecto foron árbores ou vides.

2. Non se considerará perdida a condición de novidade por unha venda ou entrega a terceiros nos seguintes casos:

- a) Se é consecuencia dun abuso cometido en prexuízo do obtentor.
- b) Se é resultado da transferencia dos dereitos sobre a variedade.
- c) Se a través dunha terceira persoa e por conta do obtentor, se produciu material de reprodución ou multiplicación da variedade, sempre e cando o dito material pase a estar baixo o control do obtentor.
- d) Se foi utilizada por unha terceira persoa para levar a cabo ensaios de campo ou laboratorio ou mesmo ensaios de transformación a pequena escala para facer avaliacións sobre esta.

3. Non se perderá tampouco a condición de novidade polo só feito da inscrición nun rexistro oficial de variedades admitidas para a comercialización ou en cumprimento doutras obrigas xurídicas relacionadas coa bioseguridade.

4. Cando a produción dunha variedade requira o emprego repetido doutra ou doutras variedades distintas, a venda ou a entrega a terceiros de material de reprodución ou de multiplicación ou do produto da colleita da primeira variedade mencionada, nas condicións establecidas no número 1, determinan a perda da condición de novidade da variedade ou variedades empregadas na dita produción.

Artigo 7. *Distinción.*

1. Unha variedade será considerada distinta se é posible diferenciala claramente, pola expresión das características resultantes dun xenotipo en particular ou dunha combinación de xenotipos, de calquera outra variedade, a existencia da cal, na data de presentación da solicitude, sexa notoriamente coñecida.

2. En particular, considerarase que unha variedade é notoriamente coñecida, a partir da data en que se presentase en calquera país unha solicitude:

- a) Sexa de concesión dun dereito de obtentor, sempre que conduza á consecución da protección solicitada,
- b) sexa de inscrición da variedade nun rexistro oficial, sempre que resulte finalmente inscrita.

3. A notoriedade da existencia doutra variedade poderá desprenderse tamén da explotación da variedade xa en curso, presenza dela nunha colección de referencia ou de calquera outro medio de proba.

Artigo 8. *Homoxeneidade.*

Considerarase homoxénea a variedade se é suficientemente uniforme nos seus caracteres específicos, a non se-la variación previsible tendo en conta as particularidades da súa reprodución sexuada ou da súa multiplicación vexetativa.

Artigo 9. *Estabilidade.*

Considerarase estable a variedade se os seus caracteres específicos se manteñen inalterados despois de reproducións ou multiplicacións sucesivas ou, en caso dun ciclo particular de reproducións ou de multiplicacións, ó final de cada ciclo.

CAPÍTULO II

Requisitos do solicitante

Artigo 10. *Solicitante do dereito.*

1. Poderá solicita-lo título de obtención vexetal para unha variedade, o obtentor dela, tal e como se definiu no número 1 do artigo 3. No caso de que se trate do habente-causa do obtentor, deberá acreditar debidamente tal condición.

2. Agás proba en contrario, o solicitante será considerado como o titular do dereito da obtención.

3. No caso de que varias persoas creasen ou descubrisen e desenvolvesen conxuntamente unha variedade, o dereito a obte-lo título de obtención vexetal corresponderalles en común a todas elas.

4. Así mesmo, o dereito a obte-lo título de obtención corresponderalles de forma conxunta ó obtentor e a calquera outra persoa, en caso de que o obtentor e a outra persoa acordasen compartilo dito dereito.

5. Cando o obtentor sexa un traballador por conta allea ou empregado público, o dereito de obtentor rexe-rase pola normativa aplicable á relación de servizos de que se trate e, no seu defecto, aplicarase supletoriamente a regulación das invencións laborais, contida no título IV da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.

Artigo 11. *Nacionalidade do solicitante.*

Poderán solicita-los títulos de obtención vexetal regulados nesta lei as seguintes persoas, naturais ou xurídicas:

a) As que posúan a nacionalidade española, ou que teñan o seu domicilio ou a súa sede en España.

b) Os nacionais dun estado membro da Unión Europea ou da Unión Internacional para a Protección de Obtencións Vexetais (UPOV) ou dun estado membro dunha organización intergubernamental que sexa membro da dita unión, ou que teñan o seu domicilio ou a súa sede nun dos citados estados.

c) Os estranxeiros non comprendidos nas alíneas anteriores, sempre que no estado do que sexan nacionais se lles permita ás persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española a obtención de títulos equivalentes.

CAPÍTULO III

Dereitos de obtentor

Artigo 12. *Alcance do dereito de obtentor.*

1. A protección da variedade ten como efectos conferirlles ó beneficiario ou ós beneficiarios do título de obtención vexetal o dereito exclusivo a levaren a cabo, respecto dela, as distintas actuacións que figuran no número seguinte.

2. Sen prexuízo do disposto nos artigos 14 e 15, requirirase a autorización do obtentor para a execución das actuacións seguintes, realizadas respecto do material de reprodución ou de multiplicación da variedade protexida:

- a) A produción ou a reprodución (multiplicación).
- b) O acondicionamento ós fins da reprodución ou da multiplicación.
- c) A oferta en venda.
- d) A venda ou calquera outra forma de comercialización.
- e) A exportación.
- f) A importación, ou
- g) A posesión para calquera dos fins mencionados nas alíneas a) a f).

3. O obtentor poderá somete-la súa autorización a condicións e a limitacións.

Artigo 13. *Outros casos que requiren a autorización do obtentor.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos 14 e 15, requirirase a autorización do obtentor para os actos mencionados no número 2 do artigo anterior, realizados respecto do produto da colleita, incluídas plantas enteiras e partes de plantas, obtido por utilización non autorizada de material de reprodución ou de multiplicación da variedade protexida, a non ser que o obtentor puidese exercer razoablemente o seu dereito en relación co dito material de reprodución ou de multiplicación.

2. Regulamentariamente poderase prever que, salvando o disposto nos artigos 14 e 15, se requirirá a autorización do obtentor para os actos mencionados nos parágrafos a) a g) do número 2 do artigo anterior, realizados respecto de produtos fabricados directamente a partir dun produto de colleita da variedade protexida cuberto polas disposicións do número 1 deste artigo, por utilización non autorizada do dito produto de colleita, a non ser que o obtentor puidese exercer razoablemente o seu dereito en relación co dito produto de colleita.

3. O disposto nos números 1 e 2 dos artigos 12 e 13, tamén se aplicará:

- a) Ás variedades derivadas esencialmente da variedade protexida, cando esta non sexa ó mesmo tempo unha variedade esencialmente derivada.
- b) Ás variedades que non se distingan claramente da variedade protexida, de acordo co disposto no artigo 7.
- c) Ás variedades que para a súa produción necesiten o emprego repetido da variedade protexida.

4. Para os fins do disposto na alínea 3, a), considerarase que unha variedade é esencialmente derivada doutra variedade, denominada esta última variedade inicial:

- a) Se se deriva principalmente da variedade inicial, ou dunha variedade que pola súa vez deriva principalmente da variedade inicial, conservando ó mesmo tempo as expresións dos caracteres esenciais que resulten do xenotipo ou da combinación de xenotipos da variedade inicial.
- b) Se se distingue claramente da variedade inicial.
- c) Se, agás polo que respecta ás diferencias resultantes da derivación, é conforme á variedade inicial na expresión dos caracteres esenciais que resulten do xenotipo ou da combinación de xenotipos da variedade inicial.

Artigo 14. *Excepción en beneficio do agricultor.*

1. Os agricultores están autorizados a utilizar con fins de propagación nas súas propias explotacións o produto da colleita obtido da sementeira nelas de material de propagación dunha variedade protexida que fose adquirida lícitamente e non sexa híbrida nin sintética.

- a) Para os efectos desta lei, enténdese por «explotación propia», toda explotación ou parte dela que o

agricultor explote realmente cultivando vexetais, tanto se é da súa propiedade como se a administra baixo a súa responsabilidade e por conta propia, en particular no caso dos arrendamentos.

b) Así mesmo, enténdese por «agricultor», toda persoa física ou xurídica, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís ou calquera outra admitida en dereito que figure como titular da explotación, por administrala baixo a súa responsabilidade e por conta propia.

2. A excepción a que se refire este artigo aplicarase unicamente ás especies vexetais recollidas no anexo 1.

3. O exercicio da excepción estará suxeito ás seguintes regras:

a) Non haberá restriccións cuantitativas na explotación do agricultor cando así o requiran as necesidades da explotación.

b) O produto da colleita poderá ser sometido a tratamento para a súa sementeira polo propio agricultor ou por medio de servizos ós que este recorra; en todo momento deberá garanti-la identidade do produto que se vai someter a tratamento e do produto resultante do procesamento.

c) Os pequenos agricultores non estarán obrigados a pagarlle remuneracións ó titular da obtención. Consideraranse pequenos agricultores, para os efectos desta lei, aqueles que regulamentariamente se determinen en función das peculiaridades da especie que produzan.

d) Os demais agricultores están obrigados a pagarlle ó titular unha remuneración, que será aprecieblemente menor cá cantidade que se cobre pola produción, baixo licenza, de material de propagación da mesma variedade na mesma zona.

e) O control da observancia das disposicións deste artigo ou das que se adopten de conformidade con el, será responsabilidade exclusiva do titular do título de obtención vexetal.

f) Os agricultores e os que presten servizos de acondicionamento, facilitaranlle ó titular do título de obtención vexetal, a instancia deste, a información que considere necesaria.

4. Os organismos oficiais que interveñan no control, poderán facilitar información pertinente, se a obtiveron no cumprimento ordinario das súas tarefas, sen que iso represente novas cargas ou custos. Esta disposición enténdese sen prexuízo das disposicións nacionais ou comunitarias sobre protección de datos persoais.

Artigo 15. *Limitacións ó dereito do obtentor.*

O dereito de obtentor non se estenderá:

- a) Ós actos realizados nun marco privado con fins non comerciais.
- b) Ós actos realizados a título experimental.
- c) Ós actos realizados para os fins da creación de novas variedades, así como ós actos mencionados no número 2 do artigo 12 e nos números 1 e 2 do artigo 13 realizados con tales variedades, a non ser que as novas variedades sexan: variedades esencialmente derivadas da variedade protexida, ou que non se distinguen claramente da variedade protexida, ou que sexan variedades que para a súa produción necesiten o emprego repetido da variedade protexida.

Artigo 16. *Material dunha variedade.*

1. O dereito de obtentor non se estenderá ós actos relativos ó material da súa variedade ou dunha variedade prevista polo número 3 do artigo 13 que foi vendido ou comercializado en España polo obtentor ou co seu

consentimento, ou ó material derivado do dito material, agás que estes actos:

- a) Impliquen unha nova reprodución ou multiplicación da variedade en cuestión.
- b) Impliquen unha exportación de material da variedade, que permita reproducila, a un país que non protexa as variedades do xénero da especie vexetal a que pertenza a variedade, agás se o material exportado está destinado ó consumo.

2. Para os fins do disposto no número anterior, entenderase por «material», en relación cunha variedade:

- a) O material de reprodución ou de multiplicación vexetativa, en calquera forma.
- b) O produto da colleita, incluídas as plantas enteiras e as partes de plantas.
- c) Todo produto fabricado directamente a partir do produto da colleita.

Artigo 17. *Limitacións por interese público.*

1. O exercicio do dereito de obtentor só poderá limitarse por razóns de interese público, que deberán ser acordadas por real decreto acordado polo Consello de Ministros por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Considerarase que existen motivos de interese público:

- a) Cando a iniciación, o incremento á xeneralización da explotación da variedade protexida, ou a mellora das condicións en que tal explotación se realiza, sexan de primordial importancia para a saúde pública ou para a defensa nacional ou para o ambiente.
- b) Cando a falta de explotación ou a insuficiencia en calidade ou en cantidade da explotación realizada, implique graves prexuízos para o desenvolvemento económico ou tecnolóxico do país.
- c) Cando as necesidades de abastecemento nacional así o esixan.

3. Cando as limitacións a que se refiren os números anteriores, teñan por efecto permitirle a un terceiro realizar calquera dos actos para os que se requira a autorización do obtentor, o Goberno deberá adoptar as medidas necesarias para que os obtentores reciban unha compensación económica equitativa.

4. Tamén poderá limitarse o exercicio do dereito do obtentor cando as variedades obxecto do dereito conteñan organismos modificados xeneticamente, sen necesidade de acudir ó réxime previsto no número 1 deste artigo, sendo de aplicación o previsto na Lei 15/1994, do 3 de xuño, pola que se establecen o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, co fin de previlos riscos para a saúde humana ou animal e para o ambiente.

Artigo 18. *Duración da protección.*

1. A duración do dereito do obtentor estenderase ata o final do vixésimo quinto ano natural ou, en caso de variedades de vide de especies arbóreas, ata o final do trixésimo ano natural contado desde o ano de concesión dos dereitos de obtentor.

2. Durante o período comprendido entre a presentación da solicitude e a concesión do dereito de obtentor, o solicitante dun título de obtención vexetal terá dereito a percibir unha compensación económica de quen, durante o mencionado período, realizase actos que, trala concesión do dereito, requiran a autorización do obtentor, de acordo coas disposicións dos artigos 12 e 13.

3. Para percibi-la compensación económica prevista no número anterior, o solicitante deberá poñer en coñecemento do terceiro a existencia da solicitude.

4. No suposto de que o título de obtención vexetal no fose concedido, o solicitante que percíbese as compensacións económicas mencionadas neste artigo deberá reembolsalas co xuro legal, agás pacto expreso entre as partes.

CAPÍTULO IV

O dereito de obtentor como dereito de propiedade

Artigo 19. *Independencia do dereito do obtentor.*

A validez do dereito do obtentor non dependerá das restricións ou limitacións que se establezan á produción, control e comercialización do material das variedades ou á importación e exportación dese material.

Artigo 20. *Transmisión do dereito.*

1. Os dereitos derivados dunha solicitude debidamente presentada e o dereito do obtentor son transmisibles por calquera dos medios admitidos en dereito, sen prexuízo das limitacións establecidas na lei.

2. Os actos polos que se transmitan ou modifiquen os dereitos derivados dunha solicitude debidamente presentada ou o dereito de obtentor non afectarán os dereitos adquiridos por terceiros antes da data dos ditos actos.

3. Tódolos actos a que se refiren os números anteriores deberán constar por escrito para que teñan validez.

Artigo 21. *Vulneración dos dereitos do obtentor.*

O titular dun título de obtención vexetal poderá exercer ante os órganos da xurisdicción ordinaria as accións que correspondan, calquera que sexa a súa clase e natureza, contra quen lesione o seu dereito e esixí-las medidas necesarias para a súa salvagarda.

En particular, o titular poderá esixir:

- a) O cesamento dos actos que violen o seu dereito.
- b) A indemnización polos danos e perdas sufridos.
- c) A recollida de todo o material vexetal obtido que se atope en poder de calquera dos responsables e a súa destrución cando iso fose indispensable.
- d) A atribución en propiedade do material vexetal ó que fai referencia a alínea anterior; neste caso o seu valor será imputado á indemnización de danos e perdas. Se o valor dos citados produtos excedese da indemnización concedida, o titular do dereito deberá compensa-la parte condenada polo exceso.
- e) A publicidade da sentenza por conta da parte condenada.
- f) A adopción das medidas necesarias para evitar que prosiga a violación do seu dereito.

Artigo 22. *Indemnización por danos e perdas.*

1. Estarán obrigados a responder polos danos e perdas causados os que infrinxan os dereitos de obtentor por:

- a) Levar a cabo algunha das operacións que se citan no número 2 do artigo 12 desta lei sen posuí-la debida autorización do titular da obtención vexetal.
- b) Utilizar, ata o punto de crear risco de confusión, unha designación idéntica ou parecida á denominación dunha variedade protexida, se a dita designación se aplica a outra variedade da mesma especie ou dunha especie botanicamente próxima.
- c) Omiti-lo uso da denominación para unha determinada variedade protexida ou cambia-la citada denominación.

2. Todos aqueles que vulneren os dereitos do obtentor, de calquera outra forma diferente ás indicadas no número 1, estarán obrigados a indemnizar polos danos e perdas unicamente cando na súa actuación mediase dolo ou negligencia, presumíndose a existencia de dolo a partir do momento en que o infractor fose advertido polo titular do título de obtención vexetal e requirido para que cese na violación do dereito do obtentor.

3. A indemnización de danos e perdas a favor do titular do título de obtención vexetal comprenderá no só o valor da perda que sufrise e o da ganancia que deixase de obter, senón tamén o prexuízo que supoña o desprestixio da variedade obxecto do título de obtención vexetal causado polo infractor mediante unha utilización inadecuada. A indemnización en ningún caso poderá ser inferior ó beneficio obtido pola persoa que cometeu a infracción.

CAPÍTULO V

Licencias de explotación

Artigo 23. *Licencias contractuais.*

1. O titular dun título de obtención vexetal poderá conceder licencias de explotación da variedade obxecto del, sempre que se cumpran as condicións que o dito titular estableza, e canto sobre esta materia se regule nesta lei e as súas disposicións complementarias.

2. As licencias poderán ser exclusivas ou non exclusivas.

3. Os contratos de licencia realizaranse por escrito e non producirán efectos fronte a terceiros mentres non estean debidamente inscritos no libro rexistro de licencias.

Artigo 24. *Licencias obrigatorias.*

1. O Consello de Ministros, por real decreto, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá conceder licencias de explotación obrigatorias sobre variedades obxecto dun título de obtención vexetal se o considera necesario para salvagarda-lo interese público, nos termos definidos no número 2 do artigo 17.

2. Só se concederá licencia obrigatoria se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a persoa que a solicite estea en condicións, en particular técnico-económicas, de explota-lo dereito de obtentor de maneira competente e con profesionalidade.

b) Que o titular do dereito de obtentor se negase a lle conceder licencia ó solicitante, ou que non estea disposto a concedela en condicións razoables.

c) Que transcorresen máis de tres anos entre a data da concesión do dereito de obtentor e a data de solicitude da concesión da licencia obrigatoria.

d) Que a persoa que solicite a licencia obrigatoria aboase as taxas previstas para a concesión dela.

3. A licencia obrigatoria confírelle ó seu titular o dereito non exclusivo de realizar todos ou parte dos actos cubertos polos artigos 12 e 13.

Artigo 25. *Licencias obrigatorias por dependencia.*

1. Cando un obtentor non puidese obter ou explotar un dereito de obtención vexetal sen vulnerar unha patente anterior, poderá solicitar unha licencia obrigatoria non exclusiva da invención protexida pola patente, na medida en que a dita licencia sexa necesaria para a explotación da variedade vexetal que deba protexerse, mediante o pagamento dunha compensación económica adecuada ó titular da patente. Esta compensación económica será

fixada mediante a avaliación dos factores relevantes para estes efectos e, en especial, da importancia económica do invento.

Cando se conceda unha licencia deste tipo, o titular da patente terá dereito a unha licencia recíproca, en condicións razoables, para utiliza-la variedade obxecto do título de obtención vexetal.

2. Cando o titular dunha patente de invención biotecnolóxica non puidese explotala sen infrinxir un dereito de obtención vexetal anterior, poderá solicitar unha licencia obrigatoria non exclusiva da variedade vexetal protexida por ese dereito de obtención, mediante o pagamento dunha compensación económica adecuada ó titular do dereito de obtención vexetal. Esta compensación económica será fixada mediante a avaliación dos factores relevantes para estes efectos e, en especial, da importancia económica da variedade vexetal.

Cando se conceda unha licencia deste tipo, o titular do dereito de obtención vexetal terá dereito a unha licencia recíproca, en condicións razoables, para utiliza-la invención protexida.

3. Os solicitantes das licencias a que se refiren os números anteriores deberán demostrar:

a) Que se dirixiron en balde ó titular da patente ou do dereito de obtención vexetal para obter unha licencia contractual.

b) Que a variedade ou a invención constitúe un avance técnico significativo de considerable importancia económica en relación coa invención reivindicada na patente ou coa variedade vexetal protexida.

4. A tramitación e a resolución das solicitudes de licencias obrigatorias por dependencia para o uso non exclusivo dunha invención patentada farase de acordo co establecido no capítulo III do título IX da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, e na súa normativa complementaria.

5. A tramitación e a resolución das solicitudes de licencias obrigatorias por dependencia para o uso non exclusivo dun dereito de obtentor, rexerase polo disposto nesta lei.

Artigo 26. *Condicións das licencias obrigatorias.*

Correspóndelle ó Consello de Ministros:

a) Fixa-la remuneración equitativa que o beneficiario dunha licencia obrigatoria debe aboarlle ó titular do dereito de obtentor, tendo en conta, entre outros criterios, o da importancia económica da variedade.

b) Esixirlle ó titular do dereito de obtentor, se é o caso, que poña á disposición do beneficiario da licencia obrigatoria a cantidade de material de reprodución ou de multiplicación necesaria para a utilización razoable da dita licencia, a cambio do pagamento dunha adecuada remuneración.

c) Fixa-lo período de duración da licencia obrigatoria, que non poderá ser superior a catro anos e que poderá ser prorrogado, se se estima oportuno, en caso de que persistan as condicións requiridas para a concesión da citada licencia.

d) Retira-la licencia obrigatoria se o beneficiario infrinxe algunha das condicións impostas cando lle foi concedida.

CAPÍTULO VI

Nulidade e extinción do dereito do obtentor

Artigo 27. *Nulidade do dereito.*

Será nula a concesión do título de obtención vexetal nos casos previstos no artigo 62.1 da Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, en particular, nos seguintes supostos:

a) Cando se comprobe que, no momento da concesión, a variedade protexida non cumpría algunha das condicións definidas nos artigos 6 e 7, e, se a concesión do dereito se fundou nas informacións e documentos proporcionados polo solicitante, que a variedade protexida non cumpría algunha das condicións definidas nos artigos 8 e 9.

b) Cando o título de obtención vexetal se lle conceda a unha persoa que non tiña dereito a el, a non ser que se lle transferise á persoa a quen corresponde o dereito.

Artigo 28. *Extinción do dereito.*

1. O dereito do obtentor extínguese polas seguintes causas:

- a) Por expiración do prazo polo que foi concedido.
- b) Por renuncia do titular.
- c) Por causas sobrevidas que provoquen a perda das propiedades esenciais da obtención vexetal recollidas nos artigos 8 e 9.
- d) Por incumprimento das obrigas enumeradas no número 2, logo de requirimento do seu cumprimento pola Administración.

2. O titular da obtención vexetal deberá cumprir, nos prazos e forma que regulamentariamente se establezan, coas seguintes obrigas:

- a) Presentar ante a autoridade competente os datos, documentos e material necesarios para comproba-lo mantemento dos requisitos esenciais da variedade protexida.
- b) Aboa-lo importe xerado polas taxas por mantemento a que se refire o artigo 55.
- c) Propoñer unha denominación adecuada para a variedade protexida en caso de cancelación da inicialmente asignada.

3. A extinción do dereito levará consigo a cancelación da inscrición do título de obtención vexetal no Rexistro Oficial de Variedades Protexidas.

TÍTULO II

Infraccións e sancións

Artigo 29. *Infraccións administrativas.*

1. As infraccións administrativas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Serán infraccións moi graves:

- a) A transferencia de material vexetal protexido por un título de obtención vexetal que non se corresponda coas características que figuran na súa descrición oficial.
- b) Os incumprimentos das condicións incluídas na licenza de explotación dunha variedade protexida que afecten as calidades intrínsecas do material ou as circunstancias que motivaron a concesión do título de obtención vexetal.
- c) A achega de datos falsos que poidan ser relevantes para a obtención de dereitos amparados nesta lei.

3. Serán infraccións graves:

- a) A ocultación ou o intento de ocultar información relevante para a obtención de dereitos amparados nesta lei.
- b) As actuacións dirixidas a dificultar-lo control das actividades reguladas nesta lei e a observancia das regras que para o seu desenvolvemento e fiscalización se establecen nela.

c) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilita-la información requirida polo órgano competente ou polos seus axentes segundo o cumprimento das funcións de información, tramitación, inspección e execución das materias a que se refire esta lei.

d) A ocultación de información polas entidades autorizadas para o acondicionamento de gran de sementeira, en relación co establecido no artigo 14.

e) O incumprimento da obriga de utiliza-la denominación asignada á variedade recollida no número 3 do artigo 49.

4. Serán infraccións leves calquera das actuacións tipificadas nos números 2 e 3 deste artigo cando non concorran dolo senón simple negligencia.

Artigo 30. *Sancións.*

1. As infraccións cualificadas como moi graves sancionaranse con multas comprendidas entre 700.001 e 1.500.000 pesetas.

2. As infraccións cualificadas como graves serán sancionadas con multas comprendidas entre 300.001 e 700.000 pesetas.

3. As infraccións cualificadas como leves serán sancionadas con multas comprendidas entre 100.000 e 300.000 pesetas.

4. Ademais das multas sinaladas neste artigo, ordenarase o comiso do material vexetal, nos supostos previstos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 29.

Artigo 31. *Contía das sancións.*

A determinación da contía das multas farase atendendo en cada caso á existencia de intencionalidade ou reiteración, á natureza dos prexuízos causados e á reincidencia na comisión de infraccións.

TÍTULO III

Organización

Artigo 32. *Órgano competente.*

Correspóndenlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, directamente ou a través dun organismo público adscrito a el, a tramitación e resolución dos procedementos de concesión dos títulos de obtención vexetal e o exercicio da potestade sancionadora. Así mesmo, corresponderanlle as relacións nesta materia, a través da canle correspondente, con outros estados e organismos internacionais.

Artigo 33. *Rexistro Oficial de Variedades Protexidas.*

1. Constitúese un Rexistro Oficial de Variedades Vexetais Protexidas, xestionado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no que se inscribirán as solicitudes de protección, as resolucións de concesión do título de obtención vexetal e as licencias de explotación, así como calquera outra circunstancia relevante que se determine regulamentariamente.

2. O rexistro oficial organizarase en libros, de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

Artigo 34. *Comisión de Protección de Obtencións Vexetais.*

1. Créase a Comisión de Protección de Obtencións Vexetais, adscrita ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a quen se atribúen as seguintes funcións:

a) Propórle ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a resolución dos procedementos de concesión dos «Títulos de Obtención Vexetal».

b) Propórle ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a revisión de oficio dos actos nulos ou a declaración de lesividade dos actos anulables relacionados coa protección das obtencións vexetais.

c) Propórle ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, a elevación ó Consello de Ministros dos proxectos de reais decretos de concesión de licencias obrigatorias, de acordo co previsto no artigo 24.

d) Propórle ó órgano competente a adopción de medidas e a elaboración de normas relativas á protección do dereito de obtentor.

e) Emitir informe sobre os asuntos relacionados co dereito de obtentor que lle sexan sometidos.

f) Calquera outra competencia que legal ou regulamentariamente se lle encomenden.

2. A Comisión estará integrada por expertos de recoñecido prestixio nos campos da botánica, a xenética, a produción de sementes e plantas de viveiro e xuristas especializados no réxime de protección do dereito do obtentor. A Comisión no terá carácter representativo dos distintos sectores afectados.

3. A natureza, adscrición, composición e funcionamento da Comisión determinarase regulamentariamente.

TÍTULO IV

Procedemento

CAPÍTULO I

Solicitudes

Artigo 35. *Solicitudes.*

1. Calquera persoa interesada na concesión do título de obtención vexetal para unha variedade deberá presentar unha solicitude dirixida ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que deberá comprender, como mínimo, as seguintes especificacións:

a) Nome, apelidos e domicilio do solicitante e, se é o caso, do seu representante.

b) Nome, apelidos e domicilio do obtentor, en caso de non coincidir co solicitante.

c) Xénero e especie á cal pertence a variedade.

d) Denominación proposta para a variedade ou, se é o caso, unha designación provisional.

e) Nacionalidade do solicitante e, se é o caso, do obtentor.

f) Descrición técnica da variedade, así como o procedemento de acordo co cal a variedade foi obtida ou descuberta e desenvolvida e a súa xenealoxía.

g) A data de presentación efectuada anteriormente noutro país, a denominación baixo a cal a variedade foi rexistrada ou, no seu defecto, a designación provisional e o país no cal foi solicitado o dereito de obtentor, todo iso no caso de que se reivindique o dereito de prioridade dunha solicitude anterior.

h) O comprobante de teren sido satisfeitas as taxas correspondentes.

2. A forma e o contido detallado do impreso de solicitude, así como os documentos que teñan que se lle xuntar, especificaranse regulamentariamente.

3. As solicitudes de concesión do título de obtención vexetal poderán presentarse en calquera das oficinas e rexistros a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 36. *Precedencia dunha solicitude.*

A precedencia dunha solicitude virá determinada pola data de recepción dela. Cando se trate de solicitudes coa mesma data, a precedencia determinarase conforme a orde en que fosen recibidas, se é posible establecelo. Se non for posible, no haberá precedencia entre as solicitudes.

Artigo 37. *Publicidade das solicitudes.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará periodicamente un boletín oficial de variedades protexidas, de carácter simplemente informativo.

2. Deberán publicarse no boletín de variedades protexidas os datos que se determinen regulamentariamente e, en todo caso, a seguinte información:

a) As solicitudes do dereito de obtentor presentadas e as retiradas.

b) As solicitudes de denominación das variedades para as que se solicita a protección, a relación das denominacións aprobadas, así como os cambios de denominación.

c) Os títulos de obtención vexetal concedidos e as solicitudes desestimadas.

Artigo 38. *Dereito de prioridade.*

1. O solicitante dun «Título de Obtención Vexetal» poderá beneficiarse da prioridade dunha solicitude de protección da mesma variedade que presentase con anterioridade en:

a) Calquera estado membro da Unión Europea.

b) A Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais da Unión Europea.

c) Calquera estado membro da UPOV ou dunha organización intergubernamental membro dela.

d) Calquera estado que, sen pertencer á UPOV, lles recoñeza ás solicitudes presentadas en España un dereito de prioridade con efectos equivalentes.

2. O recoñecemento da prioridade dunha solicitude deberá pedirse no prazo de doce meses, contados a partir da data de presentación daquela, e acreditarse debidamente. En caso de que fosen varias as solicitudes anteriores presentadas conforme o disposto no número 1, a prioridade deberá referirse á solicitude máis antiga.

3. Recoñecida a prioridade dunha solicitude anterior, considerarase como data de presentación da solicitude de concesión do título de obtención vexetal, para os efectos do previsto nos artigos 6 e 7, a data de presentación daquela.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación esixiralle ó solicitante que reivindique a prioridade, que proporcione unha copia dos documentos que constitúan a primeira solicitude, certificado pola autoridade ante a cal fose presentada, así como calquera outra proba de que a variedade obxecto das dúas solicitudes é a mesma. O solicitante gozará para iso dun prazo mínimo de tres meses contados a partir da data de reivindicación da prioridade.

5. O obtentor disporá dun prazo de dous anos desde a expiración do prazo para a petición da prioridade, ou desde que se rexeitase ou retirase a primeira solicitude para proporcionarlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación calquera información, documento ou material esixidos para a realización do exame previsto no artigo 40.

6. Os feitos que teñan lugar no prazo fixado no número 2, tales como a presentación doutra solicitude, ou a publicación ou utilización da variedade obxecto da primeira solicitude, non constituirán un motivo de rexeitamento da solicitude posterior. Estes feitos tampouco poderán crear dereitos en favor de terceiros.

CAPÍTULO II

Tramitación da solicitude

Artigo 39. *Exame da solicitude.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobará que a solicitude presentada cumpre os requisitos esixidos e, en particular, que:

- a) Foi presentada de acordo co disposto no artigo 10.
- b) Cumpre coas condicións establecidas no número 1 do artigo 35.
- c) Se acompañan os documentos que regulamentariamente se establezan de acordo co previsto no número 1 do artigo 35.
- d) Se axusta ó disposto no artigo 38, no caso de que se reivindique a prioridade dunha solicitude anterior.
- e) Foi presentado xustificante de teren sido satisfeitas as taxas correspondentes pola tramitación do artigo 53.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación examinará a documentación adxunta á solicitude para comprobar se a variedade pode acollerse ó dereito de obter.

3. Se, como consecuencia destas comprobacións, se apreciase algunha deficiencia, requirirase o solicitante para que nun prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos para cada caso, apercibíndoo de que, de non facelo, será tido por desistido da súa petición, logo de resolución dictada para tal efecto polo órgano competente.

Artigo 40. *Exame técnico.*

1. Unha vez realizados con resultado positivo os exames a que se refire o artigo anterior, a variedade será sometida a un exame técnico, a finalidade do cal será:

- a) Comprobar que a variedade pertence ó taxón botánico descrito.
- b) Determinar que é distinta, homoxénea e estable de acordo co disposto nos artigos 7, 8 e 9 respectivamente.
- c) Establecer unha descrición oficial da variedade.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá, para cada especie ou grupo de especies, as normas precisas para a realización do exame técnico entre as que, polo menos, se detallarán:

- a) O material vexetal que o obtentor debe entregar para poder realiza-las observacións pertinentes.
- b) As características en canto á calidade do mencionado material.
- c) As datas e lugares onde debe ser depositado este.
- d) A duración dos exames que, polo menos, será de dous anos ou dúas campañas, agás que circunstancias especiais aconsellen o contrario así como outros detalles sobre a realización deles.

3. O exame técnico será realizado baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que poderá levalo a cabo directamente ou mediante acordo coas comunidades autónomas ou outras institucións españolas ou estranxeiras que desenvolvan tarefas similares.

4. Nos casos en que se determine, poderanse utilizar os resultados dos exames técnicos realizados noutro país co que España manteña acordos sobre a protección de dereitos de obtentor e sempre e cando tecnicamente sexa posible coas debidas garantías.

5. Naqueles casos en que a realización do exame técnico entrañe dificultades, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá acordar que se teñan en conta os resultados dos ensaios de cultivo ou doutros ensaios xa efectuados polo obtentor.

6. No caso de que se trate dunha variedade que conteña, ou constitúa un organismo xeneticamente modificado, ou aplicarse o establecido na normativa específica, referente á utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, co fin de previlos riscos para a saúde humana e para o ambiente.

Artigo 41. *Oposicións á concesión do título de obtención vexetal.*

1. Calquera persoa poderá opoñerse á concesión dun título de obtención vexetal mediante a presentación dun escrito dirixido ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Unicamente poderán presentarse oposicións baseadas nalgún dos seguintes motivos:

- a) O incumprimento das condicións establecidas nos artigos 6 a 11 desta lei. Sen embargo, a oposición non poderá fundamentarse en cuestións de propiedade e dominio, que deberán presentarse ante os tribunais ordinarios.
- b) A infracción das normas sobre denominacións varietais que se establezan nesta lei ou nos seus regulamentos de desenvolvemento.

3. Aqueles que manifesten a súa oposición terán a consideración de interesados para os efectos do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 42. *Tramitación da oposición.*

1. As oposicións seranlle comunicadas ó solicitante, que disporá dun prazo de tres meses para facer alegacións sobre elas e precisar se ten intención de mante-la súa solicitude, de modificala ou de retirala.

A contestación do solicitante seralle comunicada ó opositor, que disporá dun prazo dun mes para formular alegacións sobre esta e para ratificar ou retirar a súa oposición.

2. As oposicións presentadas serán examinadas e resolvidas de forma separada e independente ó procedemento de concesión do título de obtención vexetal.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, co obxecto de resolver as oposicións presentadas, poderá requirir ás persoas que manifestaron a oposición a achega de información e documentación adicional, así como do material vexetal necesario para proceder ó seu exame técnico.

Artigo 43. *Acceso á información.*

1. Os interesados nun procedemento terán acceso ós documentos que constitúen o expediente obxecto de tramitación, incluídos os resultados do exame técnico e a descrición da variedade, garantindo, en todo caso, o segredo da obtención vexetal.

2. Co obxecto de garanti-lo segredo da obtención vexetal, só terán acceso ós expedientes contidos no Rexistro Oficial de Variedades Vexetais Protexidas, as

persoas que invoquen un interese lexítimo sobre aquelas, para consulta-los documentos relativos á solicitude, e resolución de concesión dun título de obtención vexetal, así como para visita-los ensaios correspondentes ó exame técnico da variedade, e os de control do seu mantemento.

3. Nos casos de variedades nas que, para a produción de material, se requiriu emprego repetido do material doutras, o solicitante do título de obtención vexetal correspondente poderá pedir, ó presenta-la solicitude, que os documentos e os ensaios relativos a estas se manteñan co debido segredo. En tales casos, esa parte de información ou ensaios non se poderá nin consultar nin visitar, respectivamente.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación terá a obriga de conserva-la documentación contida nos expedientes durante cinco anos contados a partir da extinción do título de obtención vexetal ou da retirada ou denegación da solicitude de protección.

CAPÍTULO III

Resolución do procedemento

Artigo 44. *Resolución.*

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, por proposta da Comisión de Protección de Obtencións Vexetais, concederlle o título de obtención vexetal a un solicitante cando, como resultado do exame técnico da variedade, se comprobe que esta cumpre coas condicións previstas no artigo 5 desta lei, ademais de que cumprise coas demais esixencias previstas nela.

2. A protección outorgada polo título de obtención vexetal producirá efectos con carácter retroactivo desde o momento de presentación da solicitude.

3. A eficacia da resolución quedará demorada ata que se produza o pagamento da taxa prevista no artigo 53.

4. A concesión do título de obtentor sobre unha variedade vexetal deberá ser inscrita no Rexistro de Variedades Vexetais Protexidas.

Artigo 45. *Duración do procedemento.*

1. Transcorrido o prazo máximo de duración do procedemento sen que a Administración dictase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude do título de obtención vexetal.

2. O prazo máximo de duración do procedemento será de seis meses. O prazo interromperase desde a data da comunicación ó interesado prevista no artigo 42, número 4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo interrompido comezará a contar novamente, desde a data en que se lle comunique ó interesado que queda aberto o trámite de audiencia, momento en que se incorporarán ó expediente os resultados do exame técnico recollido no artigo 40 nesta lei e se comprobará que a denominación é adecuada de acordo co disposto no capítulo IV desta.

3. A duración do exame técnico citado fixarase, se é o caso, regulamentariamente por especies ou grupos de especies.

Artigo 46. *Caducidade do procedemento.*

1. Cando se produza a paralización do procedemento por causa imputable ó solicitante, será advertido de que, transcorridos tres meses, se producirá a súa caducidade. Consumido este prazo sen que o particular requirido realice as actividades necesarias para reinicia-la tra-

mitación do procedemento, declararase a caducidade do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións.

2. Non obstante o disposto no número anterior, non se declarará a caducidade do procedemento cando o solicitante xustifique debidamente ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que a súa inactividade foi consecuencia dun caso fortuíto ou da concorrencia de causas de forza maior ou outras circunstancias excepcionais.

CAPÍTULO IV

Denominación da variedade

Artigo 47. *Requisitos das denominacións.*

1. A variedade será designada por unha soa denominación, que permita identificala sen risco de confusión con outra e destinada a se-la súa designación xenérica.

2. Sen prexuízo do disposto no número 3 do artigo seguinte, ningún dereito relativo á designación rexistrada como a denominación da variedade poderá obstaculiza-la libre utilización da denominación en relación coa variedade, mesmo despois da expiración do dereito de obtentor.

3. A denominación non poderá comporse unicamente de cifras, nin inducir a erro ou prestarse a confusión sobre as características, o valor ou a identidade da variedade ou sobre a identidade do obtentor.

4. Só se admitirá como denominación dunha variedade unha composición de letras e números, cando esta vaia ser utilizada exclusivamente para a produción de material de propagación doutras variedades, ou sexa unha práctica establecida para designar variedades.

5. A denominación deberá ser diferente de toda denominación que designe unha variedade existente desta especie vexetal ou dunha especie veciña, en calquera estado membro da UPOV, ou membro de calquera das organizacións intergubernamentais membros da UPOV.

Artigo 48. *Rexistro da denominación.*

1. A denominación da variedade será proposta polo solicitante ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Rexistrarase, asemade, que se concedeu o dereito de obtentor. Se se comproba que a denominación non responde ás esixencias dos números 3, 4 e 5 do artigo 47, denegarase o rexistro e esixirase que o obtentor propoña outra denominación nos prazos que regulamentariamente se sinalen. Os dereitos adquiridos con anterioridade por terceiros non serán afectados.

3. Se en virtude dun dereito anterior, a utilización da denominación dunha variedade lle está prohibida a unha persoa que está obrigada a utilizala, de conformidade co disposto no número 3 do artigo 49, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación esixirá que o obtentor propoña outra denominación para a variedade.

4. En particular, o solicitante non pode depositar como denominación dunha variedade, unha designación que xa se beneficie dun dereito de marca referente a produtos idénticos ou similares, en España ou en países cos que se establecesen convenios sobre protección de obtencións vexetais, ou unha denominación que poida crear confusión coas ditas marcas, agás se se compromete a renunciar ós dereitos das marcas desde o momento en que a variedade sexa obxecto do título de obtención vexetal.

5. O solicitante deberá presentar xunto coa denominación, informe expedido pola Oficina Española de Patentes e Marcas no que conste as posibles identidades e parecidos con marcas xa rexistradas ou en trámite

de rexistro que fosen descubertas, con expresión dos produtos amparados por elas, dentro da clase 31, segundo o nomenclátor establecido en virtude do Acordo de Niza do 15 de xuño de 1957.

A solicitude de informe presentarase na Oficina Española de Patentes e Marcas, logo de pagamento da taxa correspondente e con indicación do seu motivo.

Artigo 49. *Utilización da denominación.*

1. Unha variedade non poderá denominarse de modo diferente ó utilizado no primeiro país onde fose rexistrada, a non ser que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, comprobe que a denominación é inadecuada en España; neste caso, esixirase que o obtentor propoña outra denominación.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación deberá comunicarlles ás autoridades correspondentes dos demais países membros da UPOV, ás dos estados membros das organizacións intergubernamentais membros da UPOV, e ás institucións competentes nesta materia daquelas, as informacións relativas ás denominacións de variedades, concretamente da proposta, a aprobación, o rexistro e a cancelación das ditas variedades.

3. Quen en España proceda á posta en venda ou á comercialización de material de reprodución ou de multiplicación vexetativa dunha variedade protexida, estará obrigado a utiliza-la denominación desa variedade, mesmo despois da expiración do dereito de obtentor relativo a esa variedade, a condición de que, de conformidade co disposto no número 3 do artigo 48, non se opoñan dereitos anteriores a esa utilización.

4. Cando unha variedade se ofrezca en venda ou se comercialice, estará permitido asociar unha marca de fábrica ou de comercio, un nome comercial ou unha indicación similar, á denominación da variedade rexistrada. Se tal indicación se asociase desta forma, a denominación deberá ser, non obstante, facilmente recoñecible.

CAPÍTULO V

Mantemento do dereito de obtentor

Artigo 50. *Mantemento da variedade.*

1. O titular do título de obtención vexetal relativo a unha variedade será responsable do mantemento desta ou, cando proceda, dos seus compoñentes hereditarios, mentres permaneza vixente a protección.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá requirir-lo titular dun título de obtención vexetal, para que presente ante a dita autoridade ou ante calquera outra por ela designada, nos prazos que regulamentariamente se establezan, a información, documentos ou material que se consideren necesarios para o control do mantemento da variedade, así como para a renovación das mostras oficiais que compoñen a colección de referencia.

Artigo 51. *Verificación da variedade.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, se é o caso, o servizo correspondente das comunidades autónomas, comprobarán se as variedades obxecto do título de obtención vexetal permanecen inalterables, o que se levará a cabo mediante as comprobacións técnicas correspondentes.

2. Cando existan indicios de que a variedade non está sendo mantida adecuadamente polo titular do título de obtención vexetal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ordenará un control do mantemento da

variedade, e establecerá as modalidades deste mediante ensaios de campo ou outros ensaios nos que o material subministrado polo titular será comparado coa descrición ou a mostra oficial da variedade.

Cando do dito control se desprenda que o titular non mantivo as condicións da variedade será advertido diso.

3. Naqueles casos en que se comprobe que a variedade non é homoxénea ou estable, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá decidir a extinción do dereito, logo de audiencia do interesado e, se é o caso, logo de informe dos servizos correspondentes das comunidades autónomas que efectuaron os controis pertinentes.

TÍTULO V

Taxas

Artigo 52. *Suxeitos pasivos.*

1. Serán suxeitos pasivos das taxas establecidas neste título, o solicitante do título de obtención vexetal e as persoas, físicas ou xurídicas, a favor das cales se realice a prestación dos servizos que constitúen os seus feitos impositivos.

2. As taxas establecidas neste título rexeranse por esta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, en especial no relativo ós suxeitos obrigados ó pagamento das taxas como responsables tributarios.

Artigo 53. *Taxa pola tramitación e resolución.*

1. Constitúe o feito impositivo desta taxa a tramitación do procedemento administrativo e a súa resolución.

2. A esixibilidade da taxa producirase no momento de presentación da solicitude do título de obtención vexetal.

3. O importe da taxa pola tramitación e resolución do expediente é de 50.000 pesetas.

Artigo 54. *Taxa pola realización do exame técnico.*

1. Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización das probas, ensaios e calquera outra actividade comprendida no exame técnico a que se refire o artigo 40 desta lei.

Para os efectos deste artigo, as especies ou grupos de especies a que pertencen as variedades vexetais, o material das cales vaia ser obxecto de exame técnico, clasifícanse nos grupos recollidos no anexo 2.

2. A esixibilidade da taxa producirase no momento de entrega do material vexetal obxecto do exame técnico á autoridade competente para a súa realización.

3. As taxas pola realización dos ensaios que constitúen o exame técnico para efectos de concesión do «título de obtención vexetal», serán as seguintes:

Por cada ano de exame:

Grupo primeiro: 125.000 pesetas.

Grupo segundo: 90.000 pesetas.

Grupo terceiro: 75.000 pesetas.

Grupo cuarto: 60.000 pesetas.

Cando se trate dunha variedade híbrida, calquera que sexa a especie, e sexa preciso efectuar un estudo dos compoñentes xenealóxicos, o tipo de taxa será o dobre da indicada para a especie correspondente.

Cando o exame técnico se realice por encargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por terse

así convido, nun organismo ou institución estranxeiros, o tipo da taxa será o importe en pesetas da cantidade que sexa preciso satisfacer como pagamento do citado servizo. No caso de que se utilicen os resultados dun exame técnico realizado con anterioridade para a variedade, por un organismo ou institución estranxeiros, o tipo da taxa será o importe en pesetas da cantidade que sexa preciso satisfacer como pagamento do citado servizo.

Artigo 55. *Taxa de mantemento.*

1. O feito imponible desta taxa é a realización dos traballos e comprobacións periódicas necesarias para verifica-lo mantemento das condicións que precisa a variedade para continuar sendo obxecto de protección.

Para os efectos deste artigo, as especies ou grupos de especies a que pertencen as variedades vexetais, as condicións das cales vaian ser obxecto de comprobación, clasifícanse nos grupos recollidos no anexo 2.

2. A esixibilidade da taxa producirase anualmente no mesmo día e mes de notificación da resolución de concesión do título de obtención vexetal ó interesado.

3. Os importes das taxas polo mantemento anual dos dereitos do obtentor, son os seguintes:

Polo primeiro ano:

Grupo primeiro: 15.000 pesetas.

Grupo segundo: 10.000 pesetas.

Grupo terceiro: 8.000 pesetas.

Grupo cuarto: 6.000 pesetas.

Polo segundo ano:

Grupo primeiro: 20.000 pesetas.

Grupo segundo: 15.000 pesetas.

Grupo terceiro: 12.000 pesetas.

Grupo cuarto: 10.000 pesetas.

Polo terceiro ano:

Grupo primeiro: 27.000 pesetas.

Grupo segundo: 22.000 pesetas.

Grupo terceiro: 17.000 pesetas.

Grupo cuarto: 15.000 pesetas.

Polo cuarto ano:

Grupo primeiro: 30.000 pesetas.

Grupo segundo: 26.000 pesetas.

Grupo terceiro: 20.000 pesetas.

Grupo cuarto: 15.000 pesetas.

Polo quinto ano e seguintes (ata finaliza-la protección):

Grupo primeiro: 36.000 pesetas.

Grupo segundo: 30.000 pesetas.

Grupo terceiro: 25.000 pesetas.

Grupo cuarto: 20.000 pesetas.

Artigo 56. *Taxa por prestación de servizos administrativos.*

1. O feito imponible desta taxa constitúeo a realización dalgún dos servizos administrativos derivados da tramitación das solicitudes que se enumeran a seguir:

- a) Reivindicación do dereito de prioridade.
- b) Cambio de denominación nun título concedido ou en trámite.
- c) Expedición de copias, certificados e duplicados de calquera documento.
- d) Concesión dunha licenza obrigatoria.
- e) Inscripción das licenzas de explotación no Rexistro de Variedades Vexetais Protexidas, así como a modificación das inscricións xa realizadas.

2. A esixibilidade da taxa producirase no momento de presentación das solicitudes correspondentes nun rexistro administrativo.

3. O importe da taxa por petición de prioridade dunha solicitude; solicitude de cambio de denominación nun título xa concedido ou en trámite; expedición de copias, certificados e duplicados de calquera documento; concesión dunha licenza obrigatoria; inscrición de licenzas de explotación e a modificación das xa practicadas, é de 5.000 pesetas.

Artigo 57. *Xestión e recadación.*

1. Os servizos e actividades constitutivos do feito imponible das taxas previstas nos artigos 53 e 56 non se prestarán ou realizarán mentres non se efectuase o pagamento da contía que resultar esixible e que deberá facerse efectiva polo procedemento de autoliquidación.

2. Os servizos e actividades constitutivos do feito imponible das taxas previstas nos artigos 54 e 55, aínda cando fosen prestados, non serán eficaces mentres non se efectuase o pagamento na contía que fose esixida. Con independencia do anterior, as referidas contías serán esixibles pola vía de constrinximento.

3. A xestión e recadación en vía ordinaria destas taxas correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional primeira. *Revisión do importe das sancións.*

Facúltase o Goberno para modifica-lo importe das sancións contidas nesta lei de acordo coas variacións do índice de prezos ó consumo.

Disposición adicional segunda. *Criterios de interpretación.*

Esta lei interpretarase de conformidade cos tratados e convenios internacionais sobre a materia aplicables en España.

Disposición adicional terceira. *Limitación do dereito do obtentor.*

O libre exercicio dun dereito de obtentor non poderá limitarse agás o establecido no número 1 do artigo 17 ou en virtude de disposición expresa prevista nos tratados e convenios aludidos na disposición anterior.

Disposición adicional cuarta. *Respecto dos tratados e acordos internacionais.*

As medidas adoptadas polo Estado para regular a produción, o control e a comercialización do material das variedades, ou da importación e exportación dese material, non deberán obstaculiza-la aplicación das disposicións dos tratados e convenios mencionados na disposición adicional terceira.

Disposición adicional quinta. *Protección comunitaria.*

No caso de concesión da protección comunitaria de obtención vexetal sobre unha variedade que fose obxecto con anterioridade á dita concesión dun título de obtención vexetal, o seu titular non poderá invoca-los dereitos conferidos por tal título de obtención vexetal mentres siga vixente para esa variedade a protección comunitaria de obtención vexetal.

A finalización da vixencia da protección comunitaria, o titular do título de obtención vexetal poderá volver invoca-los dereitos derivados del, sempre que non trans-

corresen os prazos previstos no artigo 18 desde a concesión do dito título de obtención vexetal.

Durante o tempo en que subsista a protección comunitaria de obtención vexetal, o titular do título de obtención vexetal quedará exonerado da obriga de aboas taxas e anualidades correspondentes ó mantemento anual dos dereitos de obtentor previstas no título V desta lei, nun 70 por 100 da contía establecida.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos iniciados con anterioridade a esta lei.*

As solicitudes do título de obtención vexetal que se presentasen con anterioridade á entrada en vigor desta lei serán tramitadas e resolvidas conforme a normativa legal vixente na data de presentación.

Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable ós títulos concedidos con anterioridade á lei.*

1. Os títulos de obtención vexetal concedidos conforme o disposto na Lei 12/1975, do 12 de marzo, sobre protección de obtencións vexetais, rexeranse polas normas da citada lei.

2. Non obstante o disposto no número anterior, serán de aplicación os seguintes artigos desta lei:

a) Do capítulo III do título I: artigo 12; artigo 13 con excepción dos números 2 e 3; artigo 15; artigo 16, e artigo 17.

b) O capítulo IV do título I, relativo ó dereito de obtentor como obxecto de propiedade.

c) O capítulo V do título I, sobre licencias de explotación.

d) O título II, sobre infraccións administrativas.

e) O capítulo V do título IV, sobre mantemento do dereito de obtentor.

Disposición transitoria terceira. *Accións legais en curso.*

As accións legais que se iniciasen antes da entrada en vigor desta lei seguiranse polo mesmo procedemento de acordo co cal se incoasen.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas tódalas disposicións que se opoñan a esta lei e, en particular, a Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección de obtencións vexetais.

2. Mentres non se desenvolva regulamentariamente esta lei, manterán a súa vixencia os preceptos do Decreto 1674/1977, do 10 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento xeral sobre protección de obtencións vexetais, en canto non se opoñan a ela.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

1. Modifícase a alínea b), número 1, artigo 5, da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, quedando o seu texto redactado da seguinte forma:

«b) As variedades vexetais.»

2. Modifícase o número 3 do artigo 143 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, quedando redactado nos seguintes termos:

«3. Non poderán ser protexidas como modelos de utilidade as invencións de procedemento e as variedades vexetais.»

Disposición derradeira segunda. *Normativa de aplicación supletoria.*

En defecto de norma expresamente aplicable ós dereitos do obtentor regulados nesta lei, aplicaranse supletoriamente as normas que regulan a protección legal das invencións.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias, así como a modifica-los seus anexos. No prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o seu regulamento de desenvolvemento.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO 1

Especies vexetais susceptibles de beneficiárense da excepción do artigo 14 da lei

a) Especies forraxeiras:

Cicer arietinum L. (partim) — garavanzo.

Hedysarum coronarium L. — zulla.

Lathyrus sp. — chícharo cadrado.

Lupinus albus L. — chícharo de raposo branco.

Lupinus angustifolius L. — chícharo de raposo azul.

Lupinus luteus L. — chícharo de raposo amarelo.

Medicago sativa L. — alfalfa.

Onobrychis sativa (L.) Lamk. — esparceta ou pipirigallo.

Pisum sativum L. (partim) — chícharo.

Trifolium alexandrinum L. — Bersin/trevo de Alexandría.

Trifolium resupinatum L. — trevo persa.

Trigonella foenum-graecum L. — alforva.

Vicia spp. — vezas, fabas, ervella brava e nichela.

b) Cereais:

Avena sativa. — avea común.

Hordeum vulgare L. — cebada común.

Oryza sativa L. — arroz.

Phalaris canariensis L. — alpiste.

Secale cereale L. — centeo.

X Triticum secale Wittm. — triticale.

Triticum aestivum L. emend. Fiori et Paol. — trigo brando.

Triticum durum Desf. — trigo duro.

Triticum spelta L. — escaña maior.

c) Patacas:

Solanum tuberosum — pataca.

d) Especies oleaxinosas e téxtiles:

Brassica napus L. (partim) — colza.

Brassica rapa L. (partim) — nabia.

Linum usitatissimum — liña, excluído o liño téxtil.

e) Especies hortícolas:

Lens culinaris L. — lentella.

Cicer arietinum L. (*partim*) — garavanzo.

Phaseolus ssp. — feixón verde.

Pisum sativum L. (*partim*) — chícharo.

ANEXO 2

Clasificación de especies vexetais para efectos de determina-los importes das taxas dos artigos 54 e 55

Grupo primeiro: algodón, amorodo, feixón verde, leituga, melón, pataca, cogombro, pemento, tomate, remolacha azucreira, e forraxeiras e pratenses non citadas noutro grupo.

Grupo segundo: allo, alcachofa, arroz, avea, cebada, centeo, colza, espárrago, xirasol, chícharo, fabas, millo, sandía, sorgo, trigo, triticale, veza e especies do xénero vicia non citadas noutro grupo.

Grupo terceiro: berenxena, cabaciña, cártamo, cebola, caravel, froiteiras, leguminosas consumo humano non citadas noutro grupo, rosa, soia, ervella brava e cenoria, e outras especies de aproveitamento hortícola non citadas noutro grupo.

Grupo cuarto: vide e as demais especies non incluídas nos grupos anteriores.

(Esta lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 33, de data 8 de febreiro de 2000)

415 *LEI 4/2000, do 7 de xaneiro, de modificación da regulación da declaración de falecemento dos desaparecidos con ocasión de naufraxios e sinistros.* («BOE» 8, do 10-1-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O exercicio das actividades marítimas e aéreas tanto de transporte como de pesca extractiva, conforman un sector da vida económica que se desenvolve nun medio físico natural como é o mar.

Isto implica que se produce un maior índice de dificultade, penosidade e, principalmente, de maior risco para a vida e a integridade física dos traballadores do dito sector.

A actividade marítima e aérea, tanto de transporte como de pesca, está sometida a elevados riscos como avarías, incendios, afundimentos dos buques e principalmente ás adversidades climatolóxicas que adoitan provocar sinistros e graves consecuencias cando se manifestan en mar aberto.

Todo este cúmulo de circunstancias ocasionan, tanto na actividade de transporte marítimo como principalmente na pesca extractiva, por razón da dimensión dos buques, que sexan actividades laborais de elevado risco nas que desgraciadamente se producen con maior frecuencia que a desexada, perdas de vidas humanas, tanto de carácter colectivo con ocasión do naufraxio de buques, como individuais por caídas ó mar e a inmersión na auga da persoa, coa súa posterior desaparición física.

A desaparición dunha persoa no mar orixina principalmente un gran drama humano para os seus familiares e suscita paralelamente diversos problemas de orde per-

soal, asistencial, administrativa e económica, que requiren dun marco lexislativo eficaz, operativo e axustado á realidade, que axude a paliar-lo gran problema humano provocado pola desaparición no mar dun familiar.

Acontecido un feito desta natureza, a lexislación de seguridade social estableceu mecanismos protectores, tanto para facer fronte ás indemnizacións por accidente de traballo, como ó recoñecemento, se é o caso, das pensións de viuvez e orfandade.

Non obstante, para o resto de cuestións de carácter xurídico, privado e patrimonial (transmisión de bens inmobles, contas correntes, créditos hipotecarios e persoais, de cobramento de seguros, etc.), a lexislación vixente establece uns prazos de dous ou tres anos dependendo das circunstancias da desaparición para poder abordar e solucionar tódalas cuestións hereditarias, a través da figura xurídica da declaración de falecemento.

Mediante a declaración xudicial de falecemento efectúase unha presunción da morte dunha persoa, pola cal se permite que se poidan produci-los mesmos efectos xurídicos que coa morte comprobada.

En definitiva, trátase dun mecanismo xurídico dirixido a lles dar seguridade, estabilidade e solución ás cuestións e ós problemas administrativos, patrimoniais e económicos que se suscitan nos familiares dos desaparecidos.

O Código civil no seu artigo 194 establece uns prazos de dous e tres anos para os supostos de sinistro, accidente aéreo e naufraxio marítimo en virtude dos cales se realiza un xuízo de probabilidade, e unha presunción legal de morte, para tódolos efectos, dos desaparecidos no mar.

A experiencia práctica dos sinistros e naufraxios ocorridos ensínanos que, para tentar paliar con sensibilidade e dun xeito inmediato os graves danos que nas familias orixina a desaparición de seres queridos no mar, cómpre unha modificación puntual que adecúe á realidade os artigos sinalados, de xeito que se acurten os prazos establecidos para efectuar-la declaración de falecemento.

Igualmente, ademais de todo o exposto, prodúcense outros tipos de sinistros, ben por accidentes laborais, explosións ou catástrofes naturais (inundacións ou tormentas de montaña), ou outros similares que adoitan ocasionar desgraciadamente a desaparición de persoas sen deixar ningún rastro, motivo polo cal procede tamén modificar puntualmente o artigo 193 do dito código.

Artigo primeiro.

Modifícase o parágrafo primeiro da alínea terceira do artigo 193 do Código civil, que queda redactado nos seguintes termos:

«3.º Cumprido un ano, contado de data a data, dun risco inminente de morte por causa de violencia contra a vida, en que unha persoa se encontrase sen que se tivesen, con posterioridade á violencia, noticias súas. En caso de sinistro este prazo será de tres meses.»

Artigo segundo.

Modifícanse as alíneas 2 e 3 do artigo 194 do Código civil, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«2.º Dos que se encontren a bordo dunha nave naufragada ou desaparecidos por inmersión no mar, se transcorreron tres meses desde a comprobación do naufraxio ou da desaparición sen que se tivesen noticias daqueles.

Presúmese ocorrido o naufraxio se o buque non chega ó seu destino, ou se carecendo de punto fixo de arribada, non retornase, despois de que en calquera dos casos transcorresen seis meses con-